

# A BELEZA DA VIDA

Benlai Pictures, 2021

# 1059

ESTREA EN NUMAX: 21.01.2023 | V.E. | +6 | 83min

Prepárate para viaxar ao pasado e ao presente de China a través desta deliciosa obra coral composta por sete historias de animación con entrañables protagonistas, coma unha familia de coellos, un neno que fai os deberes no restaurante dos seus pais ou unha avoa e o seu neto que viven no campo. Historias únicas de amor, crecemento e retos vitais narradas con fantásticas técnicas de animación que van desde a acuarela, a pintar con tinta ou o collage.

Un filme máxico e único que nos recorda que sempre é mellor ver o bo lado da vida.



## Unha viaxe polo tempo

Prepárate para viaxar ao pasado e ao presente de China a través desta deliciosa obra coral composta por sete historias de animación sorprendente. Con entrañables protagonistas como unha familia de coellos, un neno que fai os deberes no restaurante dos seus pais ou unha avoa e o seu neto que viven no campo. Historias únicas de amor, crecemento e retos vitais narradas con fantásticas técnicas de animación que van desde a acuarela, a pintura con tinta ou o *collage*.

Wang Lei é o director xeral de Benlai Pictures e produciu filmes e series animadas de éxito en China, como *Pleasant Goat and Big Big Wolf* (2005), *Kung Fu Kindergarten* (2009) ou *Boonie Bears: Big Top Secret* (2016).

A idea de crear unha antoloxía animada de libros ilustrados xurdiu do seu fillo, quen lle lembrou a gran cantidade de tesouros ocultos no mundo da literatura infantil. E se reunimos varios contos sobre o amor e a beleza da vida nunha soa longametraxe para que poidan velo xuntos pais e fillos? E con esta cuestión como idea de proxecto, Wang escolleu sete títulos e saíu na busca de animadores dispostos.